



Comunicado de Prensa

“NOVA ESCOLA GALEGA rexeita o novo sistema de elección de directores”

POSICIONAMENTO DO MOVEMENTO DE RENOVACIÓN PEDAGÓXICA NOVA ESCOLA GALEGA DIANTE DO CAMBIO NO GOBERNO CENTRAL

O Movemento de Renovación Pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA, logo da vitoria electoral do PSOE e da desaparición da maioría absoluta que posibilitou a implantación, sen diálogo, da LOCE e outras leis educativas, confía en que a nova situación política signifique a apertura dunha nova etapa que, esperamos, sexa de diálogo e reflexión sobre os verdadeiros problemas do sector, afastada de propostas demagóxicas.

NOVA ESCOLA GALEGA considera que se debe paralizar a implantación da contrarreforma educativa e non demorar a derogación dos aspectos máis regresivos xa postos en marcha. Especificamente, pensamos que a administración educativa galega deberá ser moi prudente á hora de desenvolver os aspectos lexislativos que lexitimamente lle competen, para evitar un vaivén de disposicións legais que desorienten e dilapiden recursos inutilmente.

Unha proba evidente do que entende este MRP que non debe facerse, é a disposición que se prepara para o novo nomeamento dos directores e das directoras dos centros, na que se desenvolven as directrices da LOCE, e na que se utilizan, ademais, as súas previsións do xeito máis restritivo posible. Non sería desexable que unha precipitación neste ou noutros temas producise os efectos indesexables que enunciabamos antes.

Sobre esta específica cuestión, entende NOVA ESCOLA GALEGA que a publicación da Orde que regula a elección de directores/as de centros educativos seguindo as directrices marcadas pola LOCE, non debería de producirse por ser coñecido pola opinión pública o inminente cambio lexislativo referido a este e outros apartados da citada Lei. Como Movemento de Renovación Pedagóxica, entendemos que a elección dos órganos de goberno debe ser levada a cabo por toda a comunidade educativa e non pola administración, e entendemos igualmente que o Consello Escolar, órgano no que están representados pais/nais, alumnos/as, profesorado..., debe recobrar, xunto co Claustro de Profesorado, o seu carácter de órgano de goberno que coa LOCE perdeu.

Isto non nos impide sinalar que, desde a nosa óptica, existe unha falta de participación e implicación na vida dos centros por parte dos pais/nais, do alumnado, do profesorado... nalgúns casos moi preocupante. Cremos que estamos ante unha boa oportunidade para adaptar os centros e o funcionamento dos mesmos ás demandas e necesidades que a sociedade nos presenta, pero para iso será necesario o esforzo e a participación de todos e de todas.

Considera NOVA ESCOLA GALEGA necesaria, en definitiva, unha análise obxectiva das deficiencias reais do sistema educativo e da lexislación, tanto anterior como actual, e mediante o debate e a negociación con todos os sectores representativos da comunidade escolar, procurar a consecución de acordos que nos doten da estabilidade necesaria para manter ao sector lonxe dos vaivéns da alternancia dos partidos, ofrecéndose NOVA ESCOLA GALEGA para contribuír ao debate e presentar alternativas propias de Galicia que reconduzan a análise á realidade plural do Estado.

Así mesmo confiamos se teña en conta o compromiso electoral de considerar a educación como tema prioritario para o novo goberno e que, como sucedeu en épocas anteriores, a insuficiente dotación orzamentaria non sexa unha eiva para levar a cabo as propostas teóricas.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2004

NOVA ESCOLA GALEGA, Movemento de Renovación Pedagóxica.

Integrado na Confederación Estatal de Movementsos de Renovación Pedagóxica.

Polo Secretariado Nacional: Francisco Veiga García. DI 33.251.405-Y